

Eudald Carbonell: Evolución, Innovación e Resocialización

Ramón Veras Castro

Cad Aten Primaria
Ano 2009
Volume 16
Páx. 180-180

Recibido para publicación en abril 2009

Eudald Carbonell, codirector do Proxecto Atapuerca e director do Institut Català de Paleoeologia Humana i Evolució Social (IPHES), pronunciou na Domus coruñesa o relatorio “Evolución, Innovación e Resocialización”, dentro da serie de divulgación Luns con Ciencia, que organizan os Museos Científicos Coruñeses.

Darwin e Wallace coa súa teoría da evolución por selección natural para explicar os porqués da aparición e desaparición das especies e a transformación das poboacións de seres vivos, fixeron que a humanidade dese un salto conceptual revolucionario na comprensión da orixe da especie. No proceso **evolutivo** aquelas características biolóxicas que permiten maior supervivencia e maior capacidade de reprodución son as que favorecen, ao longo de miles e millóns de anos, o aumento das poboacións, desprazando aos individuos e poboacións sen esas características favorables. Non hai xuízo moral ou ético, non hai bos e malos, non hai seres que progresivamente se van facendo superiores ao resto, só capacidade reprodutiva e supervivencia. O feito de que a aparición do xénero *Homo* é produto da selección natural non presenta dúbidas científicas, pero Carbonell intenta explicar, desde a observación dos datos cos que traballa, o proceso evolutivo dos homínidos, e partindo da nosa historia, fai prospectiva sobre o noso inquietante futuro como especie.

As súas teses describen as **innovacións** (por exemplo a construción de ferramentas líticas ou o dominio do lume ou actualmente o desenvolvemento de internet) como adquisicións que na medida que se **socializan**, ou sexa, son transmitidas aos outros seres humanos e éstes as incorporan á súa vida cotián, convértense nun éxito evolutivo favorecedor da capacidade reprodutiva. Cando estas innovacións socializadas producen cambios nas relacións sociais e culturais, un redimensionamento do seu comportamento e estes cambios se estenden ao resto da especie prodúcese a **resocialización** e o avance da humanidade.

Como exemplo, as dúas primeiras e grandes resocializacións: O uso das ferramentas e o dominio do lume.

O xénero *Homo* emerxe hai uns 3 millóns de anos, dentro da orde dos primates. Primeiro fixémonos bípedos pero tiñamos que estar tomando alimentos (follas, froitos, raíces) durante 8 horas diarias. Hai 2,6 millóns

de anos, un primate innovador deuse conta de que golpeando una pedra contra outra podía conseguir un fío (similar a un coitelo) para trocear un animal e acceder ao consumo de proteínas. O que comían en media hora dáballes enerxía para todo o día permitindo un cambio das relacións sociais no grupo así como o acceso a proteínas de gran calidade que favoreceron a encefalización e o desenvolvemento da intelixencia operativa. Na medida en que o cerebro e as mans interactuaban co obxectivo de fabricar e utilizar ferramentas foi crecendo a nosa complexidade neuronal e social. Hai 1,8 millóns de anos o *Homo ergaster* logra facer ‘bifaces’, machados de man, e isto supón unha revolución tecnolóxica. Por primeira vez no planeta e de forma irreversible unha especie construíra eficientemente uns instrumentos para suplir as súas deficiencias morfolóxicas de animal cazador e recolector. Isto tamén permite novas formas de cohesión social nos grupos e unha maior supervivencia das crías e dos seus procesos de aprendizaxe.

Xunto coa construción de ferramentas, o dominio do lume, hai medio millón de anos por *Homo erectus* e *Homo heidelbergensis*, supón unha innovación clave no desenvolvemento da humanidade. Probablemente esta adquisición tecnolóxica propiciou por primeira vez a articulación dunha comunidade, novas relacións interxeneracionais, e unha nova forma de comunicación que precisa da aparición de ‘conceptos’ e ‘expresións’. A socialización do lume tardou 300000 anos. O que supuxo inicialmente un privilexio dalgúns grupos tardou moito en converterse nunha técnica coñecida por todos os homínidos e provocar a segunda gran resocialización ao cambiar o comportamento social. Xa nada sería igual.

Actualmente a única especie humana é *Homo sapiens*, e a competencia faise intra-especie. Os tempos de socialización acúrtanse de modo impresionante: o teléfono móbil socializouse en 30 anos, podemos facer modificacións xenéticas na especie. Dependendo de como se realice a socialización do coñecemento científico podemos participar dunha evolución responsable favorecendo o avance da humanidade ou provocar a destrución da metade da especie, pola desigual distribución do coñecemento e os recursos.

‘Planeta humano’, ‘Aún no somos humanos’ e ‘El nacimiento de una nueva conciencia’ son libros de Carbonell nos que profundiza nestes conceptos.